

beración do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de setembro de dous mil tres,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto determina-lo prazo máximo de tramitación dos procedementos disciplinarios incoados ó persoal estatutario que desenvolva a súa actividade no Servizo Galego de Saúde, contado desde o acordo de incoación do procedemento ata a notificación da resolución que, se é o caso, recaia.

Artigo 2º.-Ámbito subxectivo.

O establecido neste decreto aplicarase ós expedientes disciplinarios incoados ó persoal abranguido polas seguintes normas estatais: Decreto 3160/1966, relativo ó persoal facultativo; a Orde do 26 de abril de 1973, relativa ó persoal non facultativo; e a Orde do 5 de xullo de 1971, relativa ó persoal non sanitario, que desenvolvan a súa actividade no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

Artigo 3º.-Prazo máximo de duración dos procedementos disciplinarios incoados ó persoal estatutario do Sergas.

O prazo máximo de duración dos procedementos será de seis meses, contados entre o acordo de iniciación e a notificación da resolución que, se é o caso, recaia.

*Disposición derogatoria*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido neste decreto.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o conselleiro de Sanidade para dicta-las disposicións e adopta-las medidas necesarias para o desenvolvemento e efectiva aplicación do previsto neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de setembro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Mª Hernández Cochón  
Conselleiro de Sanidade

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 24 de xullo de 2003 pola que se fai pública a validación do curso de especialidade en lingua galega.*

Advertido erro na Orde do 24 de xullo de 2003, pola que se fai pública a validación do curso de

especialidade en lingua galega publicada no DOG nº 166, do 28 de agosto de 2003, cómpre face-la seguinte corrección:

No artigo 1º, onde di: «Mª del Carmen Tourón Otero», debe dicir: «Mª del Carmen López Otero».

*Orde do 9 de setembro de 2003 pola que se conceden axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorece-la aprendizaxe activa de linguas.*

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 17 de febreiro de 2003 (DOG do 28 de febreiro), convocáronse axudas para alumnos e profesores de centros públicos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos que participen en estadias e intercambios con centros educativos doutros países para favorece-la aprendizaxe activa de linguas.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no artigo sétimo da citada orde,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Conceder, con cargo ó concepto orzamentario 07.04.322T.480.0 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as axudas que se relacionan no anexo I, que se presentaron no primeiro prazo establecidos no punto quinto.1 do DOG do 28 de febreiro de 2003, por importe total de 266.171,50 euros.

Segundo.-Recoller no anexo II as axudas denegadas.

Terceiro.-De acordo co artigo noveno da orde de convocatoria as axudas serán aboadas da seguinte forma:

Para as axudas que non superen o importe de 6.000,00 euros, no momento da concesión poderá acordarse un anticipo de pagamento de ata un 80%, logo de aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez rematada a actividade e logo da súa completa xustificación económica por parte do centro e entrega da memoria de actividades, achegando certificación respecto da percepción ou non doutras axudas e subvencións para a mesma finalidade, para efectos do disposto no artigo 78.3º da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia. Nas axudas que superen esta cantidade o pagamento realizarase integramente unha vez rematada e xustificada a actividade.

Cuarto.-De acordo coa normativa vixente, os beneficiarios quedan obrigados a:

1. Acepta-la axuda concedida. Neste sentido, se no prazo de quince días, contados a partir da recepción da comunicación pola que se notifica a concesión da axuda, o centro beneficiario non acepta, entenderase que renuncia á súa percepción.

2. Facilita-la información requirida e someterse ás accións de comprobación ou control financeiro que poida efectua-la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os organismos competentes.

3. Xustifica-lo correcto investimento das axudas recibidas, mediante a presentación da seguinte documentación:

3.1. Memoria. Os centros beneficiarios enviarán unha memoria das actividades realizadas que inclúe:

a) Resumo do desenvolvemento da actividade realizada.

b) Obxectivos conseguidos.

c) Procedemento de avaliación utilizado, resultados obtidos e difusión que se realizou deles. A memoria estará acompañada dunha certificación do director do centro no que se faga consta-lo nome e número de DNI do profesor responsable do proxecto e dos profesores que o acompañaron na viaxe. Igualmente, engadirase unha certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

3.2. Xustificación de gastos efectuados.

Os centros educativos enviarán unha certificación do consello escolar do centro aprobatoria do gasto, xuntando unha relación detallada dos gastos efectuados, así como unha certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

Quinto.-Contra esta orde os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto na Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a dictar tantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento correcto desta orde.

Segunda.-A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I

### Solicitudes concedidas para proxectos lingüísticos

Centro	Subvención	Datas	Nº prof./alum.
IES Eusebio da Guarda	5.358,60	26-4-2003/6-5-2003	24/2
A Nosa Sra. dos Ollos Grandes	8392,80	3-5-2003/13-5-2003	24/2
CEIP Froebel	3.576,50	16-5-2003/25-5-2003	11/2
CEIP Torre Illa	3.830,00	21-3-2003/9-4-2003	12/2
Centro Martín Codax	5.553,60	18-3-2003/29-3-2003	25/2
Colexio Apóstol Santiago	3.069,30	29-3-2003/13-3-2003	14/1
Colexio La Salle - Ferrol	3.408,60	8-3-2003/17-3-2003	14/2
Colexio La Salle Santiago	6.528,60	24-2-2003/5-3-2003	30/2
Colexio PP Escolapios	9.402,90	2-4-2003/11-4-2003	43/3
CPI Altamira	4.578,69	11-9-2003/28-9-2003	20/2
CPI Aurelio M. Rey García	4.578,60	14-3-2003/24-3-2003	20/2
IES A Cachada	7.257,90	11-10-2003/24-10-2003	32/3
IES A Pinguela	4.044,30	2-4-2003/12-4-2003	19/1
IES A Pinguela	4.590,50	26-3-2003/4-4-2003	15/2
IES A Pontepedriña	6.333,60	26-4-2003/5-5-2003	29/2
IES A Xunqueira 2	7.379,00	1-4-2003/13-4-2003	26/2
IES A Cotarelo Valledor	3.408,60	29-3-2003/10-4-2003	14/2
IES Cacheiras	4.383,60	14-3-2003/23-3-2003	19/2
IES Castro Alobre	3.943,00	24-6-2003/14-7-2003	14/1
IES Cidade de Antioquía	3.264,30	30-3-2003/10-4-2003	15/1
IES de Arzúa	5.553,60	4-4-2003/15-4-2003	25/2
IES de Curtis	5.358,60	26-9-2003/5-10-2003	24/2
IES de Sar	4.773,60	14-3-2003/23-3-2003	21/2
IES Eduardo Blanco Amor	5.553,60	3-4-2003/12-4-2003	25/2
IES Eduardo Pondal	4.968,60	14-3-2003/24-3-2003	22/2
IES Eugenio López y López	7.566,00	23-5-2003/1-6-2003	21/2
IES Francisco Daviña Rei	4.044,30	2-3-2003/12-3-2003	19/1
IES Frei Martín Sarmiento	5.358,60	1-3-2003/10-3-2003	24/2
IES G. Torrente Ballester	3.993,60	7-10-2003/17-10-2003	17/2
IES Hostelería C. Oroza	4.578,60	28-11-2003/7-12-2003	20/2
IES Johan Carballeira	2.823,60	6-10-2003/15-10-2003	11/2
IES María Casares	3.264,30	27-9-2003/6-10-2003	15/1
IES María Soliño	5.553,60	2-10-2003/11-10-2003	25/2
IES Miraflores	6.918,60	31-3-2003/11-4-2003	32/2
IES Monte da Vila	5.358,60	14-6-2003/23-6-2003	24/2
IES Monte das Moas	3.182,50	31-1-2003/9-2-2003	11/1
IES O Couto	6.528,60	30-3-2003/11-4-2003	30/2
IES Pedro Florianí	2.628,60	2-4-2003/14-4-2003	10/2
IES Pino Manso	2.484,30	4-4-2003/14-4-2003	11/1
IES Porto do Son	5.358,60	7-3-2003/18-3-2003	24/2
IES Praia Barraña	3.993,60	4-4-2003/17-4-2003	17/2
IES R. Otero Pedraio	4.590,50	22-10-2003/31-10-2003	15/2
IES Rafael Dieste	4.336,80	23-4-2003/2-5-2003	11/2
IES Río Cabe	4.239,30	2-4-2003/12-4-2003	20/1
IES Rosalía de Castro	4.968,60	11-10-2003/20-10-2003	22/2
IES Rosalía de Castro	6.618,50	12-6-2003/21-6-2003	23/2
IES San Mamede	2.094,30	30-3-2003/10-4-2003	9/1
IES Sánchez Cantón	6.723,60	14-9-2003/1-10-2003	31/2
IES S. Basanta Silva	8.622,90	26-4-2003/6-5-2003	39/3
IES Terra de Turonio	4.773,60	6-3-2003/17-3-2003	21/2
IES Valle Inclán	10.572,90	13-9-2003/26-9-2003	49/3
IES Vilalonga	5.358,60	14-2-2003/23-2-2003	24/2

### Visitas preparatorias e de estudo concedidas

Centro	Subvención	Datas	Nº profesores
IES Fonmiña	227,00	7-4-2003/13-4-2003	1
IES Perdouro	318,00	14-2-2003/16-2-2003	1

## ANEXO II

Solicitudes denegadas para proxectos lingüísticos

-Centro: Colegio Marista Santa María.

Causas da exclusión: renuncia.

-Centro: IES Laxeiro.

Causas da exclusión: non cumpre os requisitos.

*Resolución do 16 de setembro de 2003, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións para a constitución do consello escolar en centros de educación non universitaria de nova creación e outros.*

O Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, establece no seu artigo 29 que o procedemento de elección dos membros do consello escolar dos centros públicos se desenvolverá no primeiro trimestre do curso académico que corresponda e dentro do período lectivo, e que a data de celebración das eleccións será fixada, cun mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os artigos 49 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobados polos decretos 374/1996, do 17 de outubro, e 324/1996, do 26 de xullo, respectivamente, o artigo 11 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados de ensinanza non universitarias, aprobado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, e o punto décimo primeiro da Orde do 28 de agosto de 1996, pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, establecen que a elección do consello escolar e a súa constitución nos centros de nova creación se efectuará no mes de outubro, e que a primeira renovación do consello escolar se producirá ó cabo dun ano ou dous de maneira que coincida coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma.

Dado que no derradeiro trimestre do ano 2002 correspondeu a renovación de tódolos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma, no presente ano é preciso proceder á constitución do consello escolar por primeira vez nos centros creados con posterioridade á citada renovación, ó tempo que se regulariza a situación daqueles centros que, por razóns de diversa índole, non realizasen as eleccións no citado proceso do ano 2002.

Tendo en conta que na disposición transitoria quinta da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (LOCE) establécese que nas materias respecto das que esta lei remite a regu-

lación a posteriores disposicións regulamentarias, e en tanto estas non sexan dictadas, serán de aplicación, en cada caso, as normas deste rango ata agora vixentes e que o establecido nos puntos 1º e 2º do artigo 81 da LOCE, referido ó consello escolar, non contradí a normativa anteriormente citada e os puntos 4º, 5º, 6º e 7º do devandito artigo remiten a posteriores disposicións aínda non dictadas, son de aplicación tódalas normas citadas nos parágrafos anteriores coa única excepción, derivada do establecido no punto 3 do artigo 81 da LOCE, pola que só poderán ser elixidos membros do consello escolar os alumnos a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, sempre e cando non fosen sancionados por condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro durante o curso en que teña lugar a celebración das eleccións.

En virtude de todo o anterior, esta dirección xeral

**RESOLVE:****Artigo 1º**

As eleccións para a primeira constitución do consello escolar nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, que iniciaron o seu funcionamento no curso 2003/2004, celebraranse entre os días 24 e 31 de outubro de 2003, ámbolos dous incluídos, de acordo co establecido:

a) Para os centros de educación infantil, primaria e secundaria, na orde desta consellería do 21 de outubro de 1996 (DOG do 22 de outubro).

b) Para os centros públicos integrados, no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro).

c) Para os centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e de educación de adultos, na orde desta consellería do 29 de outubro de 1996 (DOG do 4 de novembro), corrección de erros DOG do 15 de novembro.

**Artigo 2º**

1. A xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, constituirase entre os días 1 e 3 de outubro de 2003.

2. De conformidade co establecido no artigo 31 b) do Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da xunta electoral concreta-lo calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais.

**Artigo 3º**

Ós membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e ós electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas seralles de aplicación o artigo 70.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio (DOG do 1 de xuño), da función pública